



## CONCELLO DE CHANTADA

**EXPEDIENTE: 236/2022**

**OBXECTO: RENDICIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021.**

### MEMORIA

#### CONTIDO DA MEMORIA

- 1. Organización e actividade**
  - 1.1. Poboación oficial e cantos outros datos de carácter socioeconómico contribúan á identificación da entidade.**
  - 1.2. Norma de creación da entidade**
  - 1.3. Actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico-financeiro e de contratación.**
  - 1.4. Descrición das principais fontes de ingresos e, no seu caso, taxas e prezos públicos percibidos.**
  - 1.5. Estrutura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo.**
  - 1.6. Número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, tanto funcionarios como persoal laboral.**
- 2. Xestión indirecta dos servizos**
- 3. Bases de presentación das contas**
- 4. Normas de reconecemento e valoración.**
- 5. Inmovilizado material.**
- 6. Patrimonio público do solo.**
- 7. Inversións inmobiliarias.**
- 8. Inmovilizado intangible.**
- 9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.**
- 10. Activos financeiros.**
- 11. Pasivos financeiros.**
- 12. Coberturas contables.**

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSGWWK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

13. Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.

14. Moeda estranxeira.

15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.

16. Provisións e continxencias.

17. Información sobre medio ambiente.

18. Activos en estado de venda.

19. Presentación por actividades da conta do resultado económico- patrimonial.

20. Operacións por administración de recursos por conta de outros entes públicos.

21. Operacións non orzamentarias de tesourería.

22. Contratación administrativa. Procedimentos de adxudicación.

23. Valores recibidos en depósito.

24. Información orzamentaria.

25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.

26. Información sobre o custo das actividades.

27. Indicadores de xestión

28.- Feitos posteriores ao peche.

### 1. Organización e Actividade.

1.1. Poboación oficial e cantos outros datos de carácter socioeconómico contribúan á identificación da entidade.

O CONCELLO DE CHANTADA pertence a provincia de Lugo , Comunidade Autónoma de Galicia . A poboación a principios do ano 2021 , segundo o padrón municipal , era de 8.134 habitantes.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSGWWK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

Chantada é a capital e o principal núcleo do Partido Xudicial e centro da comarca á que lle dá o seu nome. Está integrada polos municipios de Carballedo, Taboada e Chantada. Esténdese aproximadamente entre os 42º 41' e os 42º 31' latitude Norte e entre os 7º 54' e os 7º 40' lonxitude Oeste. Ao Norte limita coas comarcas da Ulloa (concello de Monterroso) e Portomarín. Ao Sur coa Peroxa e Vilamarín (Ourense). Ao Leste coas terras de Lemos (concellos de Saviñao e Ferreira de Pantón) e Sarria (Paradela). E ao Oeste coas comarcas da Ulloa (Antas de Ulla), Deza (Rodeiro, na provincia de Pontevedra) e Carballedo (San Cristovo de Cea, na de Ourense).

No seu paisaxe diversificado diferenciamos 3 unidades morfolóxicas: ao Oeste a Serra do Faro, ao Leste a ribeira do Miño e, no centro a chaira (483 m.), que abarca a maior parte do termo municipal.

A Serra do Faro (1.187 m.), con disposición Norte-Sur, que fai as veces de linea divisoria de augas e de límite provincial, formouse sobre un bloque de granito e esquisto, cortado por fayas e modelado pola erosión fluvial. Ao sur, nas estribaciones da mesma, atópase o Alto de Vales. O cume do faro ofrécenos unha gran panorámica dos concellos limítrofes, e mesmo do Pico Sacro, dos montes do Courel ou dos Ancares se o día está claro.

O centro urbano de Chantada é un dos máis belos e turísticos de Galicia.

A vila está atravesada por un río, o río Asma, afluente do Miño. O que fai máis belo da vila é os paseos, parques e zonas axardinadas, que ocupan boa parte do pobo. Un é o paseo fluvial, que percorre practicamente todo o río e enlaza con outro, o paseo do Sangoñedo, que leva a un parque infantil e o estadio municipal, á parte dunha zona de praia fluvial con merendero. Tamén consta de piscinas, unha climatizada, con 6 rúas duns 40 metros e as piscinas exteriores, unha para nenos pequenos, con pouca profundidade, e outra máis grande.

A vila tamén consta dunha praia fluvial, a praia de "Ou Sangoñedo", situada á beira do parque infantil e o estadio municipal de fútbol, que posúe varios merendeiros.

Os símbolos do centro urbano máis importantes son a "Plazuela" (Praza Santa Ana) ou a rúa "Nova-Nova" (Rúa Xoán XXIII).

O polígono industrial dos Acivros é onde se concentran unhas das maiores empresas chantadinas, como a sidrería, que fábrica para Fillos de Rivera, AugaVella ou Castañas Naiciña; e tamén alí sitúase a planta de bombeiros que atende a máis de 30.000 persoas de Chantada e arredores (Taboada, Carballedo, Palas de Rei, Monterroso, Antas de Ulla, Rodeiro, Ferreira de Pantón e Escairón). Sitúase a menos de dous quilómetros do centro da vila.

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

Recentemente sufriu unha ampliación bastante grande, para poder montar máis empresas.

### 1.2. Norma de creación da entidade.

Non é necesario.

### 1.3. Actividade principal da entidade, o seu réxime xurídico, económico-financeiro e de contratación.

O Concello de Chantada é o órgano de goberno e administración do Muicpio, de conformidade co previsto no artigo 19 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como nos artigos 2 e 35 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

O réxime xurídico da entidade contable é o correspondente ao de corporación de dereito público, suxeita no que se refire á súa actividade económico-financeira plenamente ao establecido no RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e ten a consideración de Administración Pública aos efectos da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril, de Estabilidade Orzamentaira e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

De conformidade coa normative de contratación pública, a Entidade Contable ten a consideración de Administración Pública.

### 1.4 Descrición das principais fontes de ingresos e, no seu caso, taxas e prezos públicos percibidos.

Os ingresos liquidados polo Concello no exercicio 2021 foron os seguintes:

CAP.	DESCRICIÓN	DRN	RECADACIÓN
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.726.649,51	2.312.718,39
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	103.318,90	103.318,90
3	TAXAS, PREZOS PÚB. E OUTROS INGRESOS	612.318,43	555.169,85
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.217.475,18	3.217.475,18
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	3.600,00	3.600,00
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,00	2,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.759.632,42	1.759.632,42
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	344.066,60	344.066,60
	<b>TOTAL</b>	<b>8.767.061,04</b>	<b>8.295.981,34</b>

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DQALLDR9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

---

### 1.5.- Estrutura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo.

#### 1.5.1.- Estrutura organizativa a nivel político

A Corporación Municipal componse de 13 membros: o Alcalde-Presidente e 12 concelleiros.

No ano 2021 a Corporación estivo composta polos seguintes membros:

A Corporación está composta por:

- Alcalde  
Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (PP)
- Concelleiros  
Manuel Diéguez Carballo (PP)  
María Cándida Carnero Blanco (PP)  
Diego Otero Veiga (PP)  
Pamela Fernández Águila (PP)  
Juan Alberto Diéguez Fernández (PP)  
Concepción Fernández López (PP)  
Raquel López Rodríguez (PSDG-PSOE)  
José Luis Vázquez Hermida (PSDG-PSOE)  
Daniel Gómez Fernández-Camiñas (PSDG-PSOE)  
María Argiz Ledo (PSDG-PSOE)  
Antom Fente Parada (PDDdeG)  
Cruz Fernández Rodríguez (PDDdeG)

#### 1.5.2 Organización administrativa

No Concello existen órganos de goberno con competencias decisorias e uns órganos complementarios.

A) **OS ÓRGANOS DE GOBERNO con competencias decisorias**, son: O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno Local.

**Á Xunta de Goberno Local correspóndenlle, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias atribuídas por delegación de Alcaldía:**

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

---

- 1) O recoñecemento e liquidación de obrigas económicas de todo tipo, de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións de desenvolvemento.
- 2) O outorgamento de subvencións e axudas económicas de todo tipo.
- 3) A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- 4) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non atribuída expresamente ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- 5) As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- 6) A adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- 7) A aprobación de proxectos de obras e servizos no marco das competencias para contratación e concesión que quedan indicadas, que estean previstos no orzamento.
- 8) A resolución dos expedientes urbanísticos de obras maiores, de obras de edificación, de segregación ou parcelación e de primeira ocupación. O outorgamento das licenzas que neles correspondan.
- 9) A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística. As declaracións de ruína e as ordes de execución.
- 10) As autorizacións en dominio público e de utilización de instalación municipais. As licenzas de vaos, de taxis e vehículos de aluguer, de animais perigosos.

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

11) Os convenios con outras administracións públicas, que non correspondan ao Pleno.

B) **ORGANOS MUNICIPAIS COMPLEMENTARIOS:** os órganos municipais complementarios son: A Comisión Informativa de Asuntos preparatorios de pleno e a Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda.

### 1.6.- Número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, tanto funcionarios como persoal laboral.

O número medio de empregados no exercicio, tanto funcionarios como persoal laboral foi o seguinte:

TIPO	NÚMERO
Eventual	0
Funcionario	20
Laboral fixo (e indefinido)	23
Laboral temporal	21

### 2. Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.

Os servizos públicos de titularidade da Entidade xestionados de forma indirecta son os que seguidamente se detallan:

SERVIZO	CONTRATISTA
Abastecemento de auga e alcantarillado	VIAQUA S.A.
Recollida de lixo	ASCAN
Tratamento Residuos Urbanos	SOGAMA

### 3. Bases de presentación das contas.

#### 3.1.- Imaxe fiel:

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9D9GALLDF9HWSGWWK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

Con carácter xeral, aplicáronse os principios contables públicos recollidos na Instrución de Contabilidade Local. Nembargantes, non se usan criterios de amortización nin de deterioro de valor, xa que nunca se utilizaron, polo que non se presenta a información dacordo co sinalado nos criterios contables. Sería necesario facer un inventario de bens, para poder correxir esta situación, e determinar a valoración dos bens.

### 3.2.- Comparación da información.

As contas anuais elabóranse tendo presente que se reflexarán no balance, na conta do resultado económico patrimonial e no resto de estado de información comparativa, respecto das cifras relativas ao exercicio anterior.

### 3.3.- Estados e contas anuais.

Os estados e contas anuais obtivéronse dos rexistros contables da entidade correspondentes ao exercicio 2021 e foron preparados seguindo os principios de contabilidade para as administración públicas recollidos na lexislación vixente.

As contas anuais deben suministrar información útil para a toma de decisións económicas e constituir un medio para a rendición de contas da entidade polos recursos que lle teñen sido confiados. Para elo, deben redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial, e da execución do orzamento da entidade contable.

A información incluída nas contas anuais debe cumprir os requisitos ou características seguintes principios contables: claridade, relevancia, fiabilidade e comparabilidade. A contabilidade da entidade local desenvólvese aplicando os principios contables de carácter económico-patrimonial que se indican a continuación: xestión continuada, devengo, uniformidade, prudencia, non compensación e importancia relativa. Tamén se aplican os principios contables de carácter orzamentario recollidos na normativa orzamentaria aplicable, e en especial os seguintes: imputación orzamentaria e desafectación.

Os documentos que compoñen os estados e contas anuais do exercicio son os seguintes:

- **Balance de situación. ANEXO I**
- **Conta do resultado económico patrimonial. ANEXO II**
- **Estado de cambios no patrimonio neto. ANEXO III**

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGAALLDF9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 18





## CONCELLO DE CHANTADA

- Estado de fluxos de efectivo. ANEXO IV
- Estado de liquidación do presuposto. ANEXO V
  - Liquidación del presuposto de gastos.
  - Liquidación del presuposto de ingresos
- Resultado orzamentario. ANEXO VI
- Memoria. ANEXO VII

As contas ás que se refire o apartado anterior deberán elaborarse seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na parte Terceira do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local. Ás contas anuais da propia entidade local e de cada un dos seus organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

- a) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- b) Certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local referidos a fin de exercicio.

### 3.3.1.- Balance.

Os elementos das contas anuais relacionados co patrimonio e a situación financeira da entidade que se rexistran no balance son:

- a) Activos: bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola entidade, resultantes de sucesos pasados, dos que é probable que a entidade obteña no futuro rendementos económicos ou un potencial servizo. Tamén serán calificados como activos aqueles que sexan necesarios para obter os rendementos económicos ou o potencial servizo de outros activos.
- b) Pasivos: obrigas actuáis nadas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa extinción é probable que dé lugar a unha diminución de recursos que incorporen rendementos económicos ou un potencial de servizo. A estos efectos enténdese incluídas as provisións.
- c) Patrimonio neto: constitúe a parte residual dos activos da entidade, unha vez deducidos todos os seus pasivos. Inclúe as aportacións realizadas, xa sexa no momento da súa constitución ou noutros posteriores, pola entidade ou entidades propietarias, que non teñan a consideración de pasivos, así como os resultados acumulados ou outras variacións que lles afecten.

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





## CONCELLO DE CHANTADA

### 3.3.2.- Conta do resultado económico patrimonial.

Os elementos relacionados coa medida do resultado económico-patrimonial e outros axustes no patrimonio neto, que se reflexan na conta do resultado económico-patrimonial ou no estado de cambios do patrimonio neto son:

a) Ingresos: incrementos no patrimonio neto da entidade, xa sexa en forma de entradas ou aumentos no valor dos activos, ou de diminución dos pasivos, sempre que non teñan a súa orixe en aportacións patrimoniais, monetarias ou non, da entidade ou entidades propietarias cando actúen como tales.

b) Gastos: decrementos no patrimonio neto da entidade, xa sexa en forma de salidas ou diminucións no valor dos activos, ou de recoñecemento ou aumento dos pasivos, sempre que non teñan a súa orixe en devolucións de aportacións patrimoniais e no seu caso distribucións, monetarias ou non, a entidade ou entidades propietarias cando actúen como tales.

Os ingresos e gastos do exercicio imputaránse ao resultado do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto dacordo co previsto na segunda parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública ou nas normas que o desenvolvan.

### 3.3.3.- Estado da liquidación do orzamento

Os elementos relacionados coa execución do orzamento que se reflexan no estado de liquidación do orzamento son:

- a) Gastos orzamentarios: son aqueles fluxos que supoñen o emprego de créditos consignados no orzamento de gastos da entidade. A súa realización conleva obrigas orzamentarias a pagar con orixe en gastos, adquisición de activos ou en cancelación de pasivos financeiros. Polo tanto, este término resérvase para aqueles fluxos que se deben imputar ao estado de liquidación do orzamento da entidade.
- b) b) Ingresos orzamentarios: son aqueles fluxos que determinan recursos para financiar os gasto orzamentarios da entidade. Xeran dereitos de cobro orzamentarios, que se deben imputar ao correspondente orzamento, coa orixe en ingresos, no alleamento, no vencemento e cancelación de activos, na emisión de pasivos financeiros, na diminución de gasto ou no incremento de patrimonio neto. Polo tanto, este termo

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

resérvase para aqueles fluxos que se deben imputar ao estado de liquidación do orzamento da entidade.

A liquidación do orzamento foi aprobada por Decreto de Alcaldía do día 31 de xaneiro de 2022(2022-0052).

### 4.- Elementos relacionados con movementos de tesourería

Os elementos relacionados con movementos de tesourería que teñen o seu reflexo no estado de fluxos de efectivo son:

- a) Cobros: fluxos de entrada de efectivo que supoñen un aumento da tesourería da entidade.
- b) Pagos: fluxos de saída de efectivo que supoñen unha diminución da tesourería da entidade.

### 4.- Normas de recoñecemento e valoración

Indicaránse os criterios contables aplicados naquelas notas da Memoria que correspondan aos elementos patrimoniais afectados en relación coas seguintes partidas:

**4.1.- Inmovilizado material:** indicando os criterios sobre amortización, correccións valorativas por deterior e reversión das mesmas, capitalización de gastos financeiros, custos de ampliación, modernización e melloras, custos de gran reparación ou inspección xeral, custos de desmantelamento do activo e restauración do seu emprazamento, e os criterios sobre a determinación do custo dos traballos efectuados pola entidade para o seu inmovilizado material. Indicaráse o modelo de valoración posterior utilizado para cada clase de inmovilizado, ben sexa o de custe ou o de revalorización.

**4.2.- Patrimonio público do solo:** especificando para os terreos, construción e demais ben e dereitos integrantes deste patrimonio os criterios sinalados no apartado anterior.

**4.3.- Inversións inmobiliarias:** sinalando o criterio para calificar os terreos e construción como inversións inmobiliarias, especificando para estes os criterios sinalados no parágrafo anterior.

**4.4.- Inmovilizado intanxible:** indicando os criterios utilizados de capitalización, amortización e correccións valorativas por deterioro e xustificación das circunstancias que levaron a calificar como indefinida a vida útil do inmovilizado intanxible.

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102





## CONCELLO DE CHANTADA

Indicarásese o criterio de valoración posterior utilizado para cada clase de inmovilizado, ben sexa o de custe ou o de revalorización.

**4.5.- Arrendamentos:** indicando os criterios de contabilización dos contratos de arrendamento financeiro e outras operación de natureza similar.

**4.6.- Permutas:** indicando o criterio seguido e a xustificación da súa aplicación, en particular as circunstancias que levaron a considerar unha permuta como de activos non similares dende un punto de vista funcional ou vida útil.

**4.7.- Activos e pasivos financeiros:** indicando:

a) Criterios empregados para a calificación e valoración das diferentes categorías de activos e pasivos financeiros, así como para o recoñecemento de cambios a valor razonable.

b) Para os activos financeiros:

- A natureza dos clasificados inicialmente como a valor razonable con cambios na conta do resultado económico patrimonial, así como os criterios aplicados para dita clasificación e unha explicación de cómo a entidade cumpriu os requerimentos sinalados na norma de rexistro e valoración relativa a activos financeiros.

- Os criterios aplicados para determinar a existencia de evidencia obxectiva de deterioro, así como de rexistro da corrección de valor e a súa reversión e a baixa definitiva dos activos financeiros deteriorados. En particular destacarásese os criterios utilizados para calcular as correccións valorativas dos debedores por operación de xestión e outras contas a cobrar. Asimesmo, indicarásese os criterios contables aplicados aos activos financeiros cuxas condicións teñan sido renegociada e que, de outro modo, estarían vencidos ou deteriorados.

- Criterios empregados para o rexistro da baixa de activos financeiros e pasivos financeiros.

- Contratos de garantías financeiras, indicando o criterio seguido tanto en valoración inicial como posterior, así como, no seu caso, para a dotación de provisións por garantías clasificadas como dudosas.

- Inversións en entidades do grupo, multigrupo e asociadas, informarásese sobre o criterio aplicado para rexistrar as correccións valorativas por deterioro.

- Os criterios empregados na determinación dos ingresos ou gasto procedentes das distintas categorías de instrumentos financeiros: intereses, primas ou descontos, dividendos, etc.

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGAALLDF9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

**4.8.- Coberturas contables:** indicando os criterios de valoración do instrumento de cobertura e da partida cuberta, distinguindo entre coberturas de activos ou pasivos recoñecidos, compromisos en firme, transaccións previstas, así como os criterios de valoración aplicados para o rexistro da interrupción da cobertura.

**4.9.- Existencias:** indicando os criterios de valoración seguidos, en particular os relativos ás correccións valorativas.

**4.10.- Activos adquiridos ou construídos para outras entidades:** indicando os criterios de recoñecemento dos ingresos e gastos derivados do contrato ou acordo de construción ou adquisición e, no seu caso, o método utilizado para determinar o grado de avance ou realización e informarase no caso de que non se aplicase dito método.

**4.11.- Transaccións en moeda estranxeira.** Non existen

**4.12.- Ingresos e gastos:** seguindo os criterios indicados.

**4.13.- Provisions e continxencias:** indicando o criterio de valoración así como, no seu caso, o tratamento das compensacións a recibir dun terceiro. En particular, en relación coas provisiones, deberá realizarse unha descripcíno dos métodos de estimación e cálculo de cada un dos riscos.

**4.14.- Transferencias e subvencións:** indicando o criterio empregado para a súa clasificación e, no seu caso, imputación a resultados.

**4.15.- Actividades conxuntas:** indicando os criterios seguidos pola entidade para integrar nas súas contas anuais os saldos correspondentes á actividade conxunta na que participe.

**4.16.- Activos en estado de venda:** indicaranse os criterios seguidos para calificar e valorar ditos activos.

### 5. Inmovilizado material.

Non se configuraron informes ao respecto

### 5. Patrimonio público do solo.

### 7. Inversiones inmobiliarias.

Adquisición inmoble na Praza de España.

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

### 8. Inmovilizado intangible.

Saldo inicial 14.317,03 Saldo final 21.637,53 €

### 9. Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.

Non existen

### 10. Activos financeiros.

Non existen

### 11. Pasivos financeiros.

Préstamo 500-0114-7873-8 concedido por ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA a 10 anos por importe de 344.066,60 €

### 12. Coberturas contables.

Segúndo o estado de ingresos e gastos recoñecidos.

### 13. Activos construídos o adquiridos para outras entidades e outras existencias.

Non existen

### 14. Moeda extranxeira.

Non existen

### 15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.

#### GASTOS

CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	1.494,24
FEMP	461,21
MARIA NATALIA DA CUNHA	300,00
ASOCIACION DE MUNICIPIOS CAMINO INVIERNO A SANTIAGO	1.000,00
FEMP CONCELLOS SAUDABLES	500,00
CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA	12.199,50
ESCUELAS DEPORTIVAS MUNICIPALES.	4.000,00

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSGWWK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	1.144,00
PP, PARTIDO POPULAR DE CHANTADA	5.400,00
PSOE, PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL	3.600,00
GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA	2.400,00
ALBA ROMERO ROMERO	584,61
ROCIO RODRIGUEZ TEIXEIRA	510,00
JUAN CARLOS COSTOYA GONZALEZ	1.000,00
MARIA ANTONIA DE ARCE VILAR	1.129,80
MARIA ANTONIA DE ARCE VILAR	983,00
CLUB BALONCESTO CHANTADA	9.000,00
ESCUDERIA CHANTADA	5.500,00
VICTOR MANUEL GARCIA CASAL	810,00
ASOC. CULTURAL CASA DA MUSICA	30.000,00
CLUBE CICLISTA CHANTADINO	2.800,00
AXUDAS HOSTALERIA	68.000,00
ESCUDERIA CHANTADA	5.500,00
CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	1.235,52
FEGAMP	343,17
ELVIRA GARCIA LOPEZ	3.249,00
ASOC. DE EMPRESARIOS DE CHANTADA	2.500,00
ASOCIACION MIÑO ULLA	300,00
ELOY SUAREZ CALVO	431,76
ASOC. FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER	10.000,00
ASOCIACION ALCOHOLICOS REHABILITADOS	1.000,00
ASDEME	2.000,00
MARILUZ ESPERANZA DE AVILA DE AVILA	700,00
CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	1.330,56
ASOC. DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA	150,00
MENDEZ CASTEDO RIBEIRA SACRA SL	3.958,86
CALVO CHANTADA S.L.	1.298,33
CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA	18.432,00
CLARA RODRIGUEZ AVE	96,75
DIYAA AWAR	153,70
LILIANA BORGUES PORTO	69,95
NATLY CELIA MARCA BUITRAGO	68,25
OLALLA VIGO EIRIZ	60,60
PATRICIA SEIJAS OTERO	48,00
SONIA GONZALEZ MAZAIRA	53,20
TERESA CONCEPCION MACHADO DOS SANTOS	87,25
CARITAS DIECESANAS DE LUGO	3.000,00
ASDEME	2.000,00
ASOCIACION CHANTADA CONTRA O CANCRO	1.000,00
CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE CHANTADA	500,00

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9D9GALLDF9HWSGWWK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma Xestiona esPublico | Páxina 15 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

---

ASOCIACION PENSIONISTAS ENJAMBRE	2.500,00
CORAL POLIFONICA DE CHANTADA	1.500,00
BANDA DE MUSICA DE CHANTADA	14.000,00
ASOC. CULTURAL CASA DA MUSICA	15.000,00
ASOC DE EMPRESARIOS DE CHANTADA	2.500,00
IRMANDADE CULTURAL PAIS DO FARO	1.000,00
ASOCIACION VAL DO ASMA BANDA DE GAITAS	6.000,00
S. D. CHANTADA FUTBOL	5.000,00
CLUB BALONCESTO CHANTADA	9.000,00
CIRCULO CHANTADINO DE XADREZ	800,00
CLUB DE TENIS CHANTADA	700,00
CLUB ATLETICO CHANTADA	1.500,00
MERCEDES SANTOYO RAMOS	696,73
VIRUBRAIS S.C.	2.415,00
JESSICA PALEO GARCIA	125,40
JOSE LUIS VARELA VAZQUEZ	137,50
ALBA ROMERO ROMERO	105,00
ALBA ROMERO ROMERO	240,00
CENTRO SUR LUGO S.L.	163,25
GAS LUIS S.L.	215,00

### 16. Provisións e continxencias.

Provisión deudores dudoso cobro 1.711.422,45 €

### 17. Información sobre medio ambiente.

A aplicación contable non permite obter a información de xeito áxil e non se configuraron informes ao respecto

### 18. Activos en estado de venta.

Non existen

### 19. Presentación por actividades da conta do resultado económico- patrimonial.

VER ANEXO VIII

### 20. Operacions por administración de recursos por conta de outros entes públicos.

Non existen

### 21. Operaciones non orzamentarias de tesourería.

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSGWK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 18





## CONCELLO DE CHANTADA

Estado de acreedores non orzamentarios abonos realizados no exercicio 2.596.250,15 e cargos 2.614.374,18.

Estado de deudores non orzamentarios abonos realizados 19.612,76 e cargos realizados no exercicio 740.338,86.

### **22. Contratación administrativa. Procedimientos de adxudicación. Información, por tipos de contratos, sobre os importes adxudicados segundo os diferentes procedimentos establecidos en la normativa vigente sobre contratación**

Óptase por non incluír información dado que a aplicación contable non permite obter a información de xeito áxil e non se configuraron informes ao respecto.

### **23. Valores recibidos en depósito.**

VER ANEXO IX

### **24. Información orzamentaria.**

Óptase por non incluír información dado que a aplicación contable non permite obter a información de xeito áxil e non se configuraron informes ao respecto

### **25. Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.**

ANEXOS X-XI

### **26. Información sobre o custo das actividades.**

Óptase por non incluír información dado que a aplicación contable non permite obter a información de xeito áxil e non se configuraron informes ao respecto.

### **27. Indicadores de xestión**

Óptase por non incluír información dado que a aplicación contable non permite obter a información de xeito áxil e non se configuraron informes ao respecto.

### **28.- Feitos posteriores ao peche.**

Non existen

Chantada, na data da sinatura dixital

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSGWK3Y | Corrección: <https://chantada.sectelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 18



## CONCELLO DE CHANTADA

---

O Alcalde

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

---

**CONCELLO DE CHANTADA**

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 9NGXM6XW9DGCALLDF9HWSG-WK3Y | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico | Páxina 18 a 18